



169.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e disposicións concordantes, expónse ao público na Secretaría deste concello polo prazo de quince días hábiles, que comezarán a contarse dende o seguinte ao da inserción deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que durante este prazo se poidan formular as reclamacións que se consideren pertinentes, as cales deberán ser dirixidas ao alcalde desta Corporación.

Carballada de Avia, 18 de outubro de 2019. O alcalde.

Asdo.: Luis Milia Méndez.

El Pleno de la Corporación aprobó inicialmente el expediente de modificación de créditos n.º 1/2019, del presupuesto para el ejercicio económico de 2019. En cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 169.1 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, y disposiciones concordantes, se expone al público en la Secretaría de este ayuntamiento por el plazo de quince días hábiles, que comenzarán a contarse desde el siguiente al de la inserción de este edicto en el Boletín Oficial de la Provincia, con el fin de que durante este plazo se puedan formular las reclamaciones que se consideren pertinentes, las cuales deberán ser dirigidas al alcalde de esta Corporación.

Carballada de Avia, 18 de octubre de 2019. El alcalde.

Fdo.: Luis Milia Méndez.

R. 3.134

Carballada de Avia

Edicto

De conformidade co disposto nos artigos 99 a 103 da Lei orgánica do poder xudicial 6/1985, do 1 de xullo, en relación co establecido na Lei 38/1988, do 28 de decembro, sobre demarcación e planta xudicial, ábrese un prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia para a presentación de solicitudes, no Rexistro Xeral do concello, por parte das persoas interesadas que, reunindo os requisitos establecidos no artigo 102 da citada lei orgánica, desexen ser nomeados xuíz de paz substituto, que serán elixidos segundo procedemento legalmente establecido.

Carballada de Avia, 18 de outubro de 2019. O alcalde.

Asdo.: Luis Milia Méndez.

Documento asinado electronicamente.

Edicto

De conformidad con lo dispuesto en los artículos 99 a 103 de la Ley Orgánica del Poder Judicial 6/1985, de 1 de julio, en relación con lo establecido en la Ley 38/1988, de 28 de diciembre, sobre Demarcación y Planta Judicial, se abre un plazo de 15 días hábiles, contados a partir del siguiente al de la publicación de este edicto en el Boletín Oficial de la Provincia para la presentación de solicitudes, en el Registro General del ayuntamiento, por parte de las personas interesadas que, reuniendo los requisitos establecidos en el artículo 102 de la citada ley orgánica, deseen ser nombrados juez de paz sustituto, que serán elegidos según el procedimiento legalmente establecido.

Carballada de Avia, 18 de octubre de 2019. El alcalde.

Fdo.: Luis Milia Méndez.

Documento firmado electrónicamente.

R. 3.136

Celanova

Anuncio polo que se fai pública a convocatoria do proceso selectivo e as bases xerais e específicas que han de rexer a convocatoria para a selección e posterior contratación laboral temporal de tres (3) persoas traballadoras para a realización de obras ou servizos determinados en relación coa prestación do servizo público de competencia municipal de escolas deportivas do Concello de Celanova, polo sistema de concurso de valoración de méritos.

O alcalde do Concello de Celanova, por decreto do 17.10.2019, aprobou a convocatoria do proceso selectivo e as bases xerais e específicas que han de rexer a convocatoria para a selección e posterior contratación laboral temporal de tres (3) persoas traballadoras para a realización de obras ou servizos determinados en relación coa prestación do servizo público de competencia municipal de escolas deportivas do Concello de Celanova, polo sistema de concurso de valoración de méritos.

Achéganse as bases xerais e específicas reguladoras que rexerán a convocatoria:

Bases xerais e específicas que han de rexer a convocatoria para a selección e posterior contratación laboral temporal de tres (3) persoas traballadoras para a realización de obras ou servizos determinados en relación coa prestación do servizo público de competencia municipal de escolas deportivas do Concello de Celanova

A) Bases xerais

Primeira. Obxecto da convocatoria.

É obxecto da presente convocatoria a selección e posterior contratación laboral temporal de tres (3) persoas traballadoras para a realización dos proxectos de obra ou servizo determinados que a continuación se indican durante os períodos de tempo que así mesmo se expresan en relación coa prestación do servizo público de competencia municipal de escolas deportivas do Concello de Celanova:

a) Obra ou servizo determinado a desenvolver durante o período comprendido entre o 01/11/2019 e o 31/08/2020.

- Monitor/a deportivo/a-mantemento e actividades

b) Obra ou servizo determinados a desenvolver durante o período comprendido entre o 01/11/2019 e o 31/05/2020:

- Monitor/a de ximnasia rítmica, ao 45% da xornada.

- Monitor/a de zumba, ao 30% da xornada.

Segunda. Modalidade da contratación.

A modalidade do contrato será por obra ou servizo determinados, regulada no artigo 15.1.a) do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores.

O carácter do contrato será temporal entendéndose extinguida esta relación ao finalizar a execución dos proxectos de obra ou servizo determinados de referencia de acordo co establecido no artigo 2 do Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos traballadores en materia de contratos de duración determinada. A modo orientativo, o contrato laboral temporal para a obra ou servizo determinado “monitor/a deportivo/a-mantemento e actividades” rematará o 31.08.2020 e as obras ou servizos determinados “monitor/a de ximnasia rítmica, ao 45% da xornada” e “monitor/a de zumba, ao 30% da xornada”, rematarán o 31.05.2020

Terceira. Condicións dos aspirantes.

Para tomar parte nas probas de selección será necesario reunir os requisitos establecidos no artigo 56 da Lei 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público:



- Ser español/a ou cidadán/cidadá dun estado membro da Unión Europea, Reino de Noruega ou República de Islandia, nos termos da Lei 17/1993, do 22 de decembro, modificada pola Lei 55/1999, do 29 de decembro. Tamén poderán participar os que non sendo españoles/as ou nacionais dun estado membro da Unión Europea se encontren en España en situación de legalidade, sendo titular dun documento que lles habilite para residir e poder acceder sen limitacións ao mercado laboral, conforme co establecido na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, modificado pola LO 8/2000, do 22 de decembro, e no Regulamento de execución da LO 4/2000.

- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

- Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban, no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

- Posuír o título de Graduado Escolar ou equivalente e estar en posesión da titulación específica esixida e reflectida nas bases específicas desta convocatoria.

- Achegarase certificado de delitos de natureza sexual, tal como establece a Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, modificada pola Lei 26/2015 e a Lei 45/2015 que establecen a obriga de que se acheguen certificados negativos do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais para todos os profesionais e voluntarios que traballan en contacto habitual con menores.

- Ter capacidade para ser contratado, conforme co Estatuto dos traballadores, aprobado por Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo.

Cuarta. Forma e prazo de presentación de instancias.

As solicitudes (segundo o modelo que figura no anexo I das presentes bases) requirindo tomar parte nas correspondentes probas de acceso e nas que os/as aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais para o posto que se opte, dirixiranse ao alcalde do Concello de Celanova, e presentaranse no Rexistro de entrada de documentos deste concello, de 9.00 a 13.00 horas, ou ben mediante o procedemento que regula o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de cinco (5) días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense. Se o quinto día fose inhábil, o prazo rematará o seguinte día hábil. Coa solicitude acompañarase a copia do DNI/tarxeta de residencia.

As bases íntegras publicaranse no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello, na seguinte dirección de URL: <http://celanova.sedelectronica.es/info.0>

Quinta. Tribunal cualificador.

O tribunal cualificador estará constituído da seguinte forma:

- Presidente: o coordinador das escolas deportivas do Concello de Celanova.

- Vogais: tres funcionarios ou persoal laboral do concello ou doutros concellos.

- Secretario: o da Corporación ou funcionario en quen delegue, con voz pero sen voto.

Seralle de aplicación aos tribunais o previsto nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, en canto á abstención e á recusación.

Sexta. Características das probas.

O procedemento de selección será o concurso de valoración de méritos, na que se comprobarán e cualificarán os méritos alegados polos/as aspirantes. Os méritos a ter en conta determinanse e descríbense nas bases específicas.

Sétima. Cualificación dos méritos, relación de aprobados, presentación de documentación e contratación.

O día da selección será o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de instancias, ás 11.00 horas. Se este día fora inhábil, pasará ao día hábil seguinte. Os candidatos comparecerán co DNI/tarxeta de residencia, certificado de delitos de natureza sexual, título académico requirido nas bases específicas e a documentación acreditativa dos méritos que reúnan.

Os/as aspirantes que non acheguen o DNI/tarxeta de residencia, certificado de delitos de natureza sexual e título académico requirido nas bases específicas o día da selección non serán admitidos ao concurso de valoración de méritos.

Non se valorarán aqueles méritos ou circunstancias que non fosen acreditados documentalmente polos aspirantes conforme coas bases específicas. Os aspirantes que xa participaran noutras convocatorias anteriores só terán que achegar a documentación que non obre nas oficinas municipais cuxa valoración pretendan que se realice a maiores da valoración xa realizada na convocatoria precedente.

A cualificación final será o resultado da puntuación total segundo os méritos a que se refiren as bases específicas. No caso de empate resolverase por sorteo.

Unha vez rematada a cualificación, o tribunal publicará no taboleiro de anuncios do concello as puntuacións obtidas polos/as aspirantes e a proposta á Alcaldía da contratación daqueles/as que obtiveran a máxima puntuación.

Os que dentro do prazo sinalado polo concello, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou desta deducísese que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incurrir por falsidade nas súas solicitudes de participación.

A proposta elevada polo tribunal cualificador terá tamén a consideración de bolsa de emprego para futuras contratacións cando as necesidades do servizo o requiran. No caso de que a persoa seleccionada non aceptase o posto de traballo, sen máis trámite será ofertada a quen lle siga en puntuación e, se tampouco aceptase, adoptarase o mesmo procedemento cos seguintes ata que o posto quede cuberto. As persoas que non consigan a praza pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo para os casos de baixa por incapacidade temporal do/a titular, baixa por maternidade e permiso de lactación, vacacións, permisos ou descansos do/a titular e vacante definitiva por renuncia voluntaria do/a titular. No caso de ter que acudir á devandita bolsa de traballo seleccionárase ao primeiro da lista e unicamente pasarase ao seguinte se o primeiro rexeitase o posto, e así sucesivamente. A renuncia á contratación implicará pasar ao final da lista.

As contratacións laborais temporais quedan sometidas á condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente no orzamento municipal para o exercicio 2020 para financiar as obrigas derivadas dos contratos laborais.



Oitava. Incidencias e vinculación das bases.

O tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do concurso-oposición en todo o non previsto nas bases.

A xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a xurisdición social.

As presentes bases vinculan ao concello, ao órgano de selección e a quen participe nas probas selectivas. Tanto as bases, como cuantos actos administrativos deriven da convocatoria e da actuación do órgano de selección poderán ser impugnados polos interesados nos casos, prazos e forma establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Os membros do órgano de selección serán persoalmente responsables do estrito cumprimento das bases da convocatoria e da suxeición aos prazos establecidos para a realización e valoración das probas e para a publicación dos seus resultados.

Contra estas bases, que poñen fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, ante a Alcaldía deste concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante os xulgados do contencioso-administrativo de Ourense, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á precitada publicación destas no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio. Así mesmo, poderase exercitar calquera outro recurso que se considere pertinente.

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; o Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; o Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público; a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia; e o Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores.

B) Bases específicas.

I) Contratación laboral temporal a xornada completa dunha persoa traballadora para a realización da obra ou servido determinado de monitor/a deportivo/a-mantemento e actividades

Primeira. Número de traballadores a contratar, caracterización do contrato de traballo e cometidos.

1.- Número de traballadores/as a contratar: un/unha (1).

2.- Caracterización do contrato de traballo

Tipo de contrato; ocupación; retribucións salariais mensuais (incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias); tipo de xornada; duración do contrato.

Obra ou servizo determinados; monitor/a deportivo/a-mantemento e actividades; 1.105,23 €; xornada completa (distribuída segundo as necesidades do servizo); do 01.11/2019 ata o 31.08.2020

3.-Cometidos:

1. Prestar asesoramento aos usuarios/as nos asuntos relativos a actividades deportivas da instalación deportiva.

2. Propoñer ao seu superior actividades deportivas encamiñadas ao fomento e dinamización da instalación.

3. Empregar os recursos municipais dispoñibles, culturais, de ocio e tempo libre, para o correcto desenvolvemento das actividades deportivas realizadas.

4. Impartir clases na instalación deportiva na especialidade que lle corresponda conforme coa súa titulación.

5. Facilitar a integración do alumnado e fomentar a súa participación nas actividades realizadas na instalación deportiva.

6. Efectuar un seguimento dos procesos de aprendizaxe do alumnado.

7. Recibir e informar aos alumnos periodicamente cando se requira.

8. Velar polo correcto mantemento da instalación deportiva e o bo uso do material empregado na súa área de traballo.

9. Velar polo correcto mantemento dunhas adecuadas aptitudes psicofísicas que lle permitan desenvolver correctamente as actividades deportivas impartidas.

10. Prestar tarefas de limpeza das instalacións deportivas cando se lle requira.

11. Realizar calquera outra función propia da súa categoría que se considere necesaria para o correcto funcionamento do concello.

Segunda. Requisitos específicos dos aspirantes.

As condicións xerais sinaladas na base terceira das bases xerais e estar en posesión, como mínimo, de:

- Título ou certificado de aprobación do curso de monitor de fútbol e fútbol sala.

Terceira. Sistema de selección.

Establécese como sistema de selección o concurso de valoración de méritos.

Cuarta. Desenvolvemento do concurso de valoración de méritos.

Méritos computables:

a) Experiencia profesional:

- Por cada mes no desempeño do posto de traballo como monitor/a deportivo/ da especialidade á que se presenta en institucións públicas ou privadas, clubs deportivos, etc., ben sexa por relación laboral ou por contrato administrativo de servizos coas administracións públicas: 0,20 puntos/mes, ata un máximo de 3 puntos.

Esta experiencia deberá acreditarse achegando contrato de traballo e certificado de empresa ou club, e ademais informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social -este documento, por si só, non acredita a categoría profesional ostentada-, ou certificación de servizos prestados en virtude de contrato administrativo de servizos coas administracións públicas.

No caso de non ter completado un mes de traballo valorarase a parte proporcional dos días completos traballados.

b) Titulacións:

- Nivel I adestrador/a de fútbol ou fútbol sala: 0,50 puntos.

- Nivel II adestrador/a de fútbol ou fútbol sala: 1,00 puntos.

- Nivel III adestrador/a de fútbol ou fútbol sala: 1,50 puntos.

- Por estar en posesión do título de técnico superior en animación de actividades físicas e deportivas: 1,5 puntos.

- Por estar en posesión do título de diplomado en Maxisterio (especialidade en Educación Física): 1,5 puntos.

- Por estar en posesión do título de licenciado en Educación Física: 2 puntos.

Puntuarase a titulación máis alta no caso de que un candidato teña dous ou máis das relacionadas.

c) Formación complementaria (ata un máximo de 3,00 puntos):

- En materia de mantemento hixiénico-sanitario de instalacións con risco fronte á lexionela (ata 1,50 puntos):



- * Cursos de menos de 25 horas: 0,10 puntos por curso.
- * Cursos de entre 25 horas e 50 horas: 0,20 puntos por curso.
- * Cursos de entre 51 e 100 horas: 0,50 puntos por curso
- * Cursos entre 101 e 200 horas: 0,75 puntos por curso.
- * Cursos de máis de 200 horas: 1,5 puntos.

- En materia de mantemento de instalacións deportivas (ata 1,50 puntos):

* Curso de técnico en mantemento de instalacións deportivas de menos de 200 horas: 0,75 puntos.

* Curso de técnico en mantemento de instalacións deportivas de máis de 200 horas: 1,50 puntos.

II) Contratación laboral temporal a xornada parcial (45% da xornada) dunha persoa traballadora para a realización da obra/servizo de duración determinada “monitor/a de ximnasia rítmica”.

Primeira. Número de traballadores a contratar, caracterización do contrato de traballo e cometidos.

1.- Número de traballadores/as a contratar: un/unha (1).

2.- Caracterización do contrato de traballo

Tipo de contrato; ocupación; retribucións salariais mensuais (incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias); tipo de xornada; duración do contrato.

Obra ou servizo determinados (interese social); monitor/a de ximnasia rítmica; 497,34 €; xornada parcial (45% da xornada) (distribuídas segundo as necesidades do servizo); do 01.11.2019 ata o 31.05.2020

3.- Cometidos: son cometidos a realizar polo/a traballador/a o desenvolvemento das funcións propias dun/dunha monitor/a de ximnasia rítmica.

Segunda. Requisitos específicos dos aspirantes.

As condicións xerais sinaladas na base terceira das bases xerais e estar en posesión, como mínimo, de título ou certificado de aprobación do curso oficial de adestrador/a deportivo/a de ximnasia rítmica nivel I o superior.

Terceira. Sistema de selección.

Establécese como sistema de selección o concurso de valoración de méritos.

Cuarta. Desenvolvemento do concurso de valoración de méritos.

Méritos computables:

a) Experiencia profesional:

- Por cada mes no desempeño do posto de traballo como monitor/a deportivo/a da especialidade á que se presenta en institucións públicas ou privadas, clubs deportivos, etc., ben sexa por relación laboral ou por contrato administrativo de servizos coas administracións públicas: 0,20 puntos/mes, ata un máximo de 3 puntos.

Esta experiencia deberá acreditarse achegando contrato de traballo e certificado de empresa ou club, e ademais informe de vida laboral expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social -este documento, por si só, non acredita a categoría profesional ostentada-, ou certificación de servizos prestados en virtude de contrato administrativo de servizos coas administracións públicas.

No caso de non ter completado un mes de traballo valorarase a parte proporcional dos días completos traballados.

b) Titulacións:

- Nivel I adestrador/a de ximnasia rítmica: 0,50 puntos.
- Nivel II adestrador/a de ximnasia rítmica: 1,00 puntos.
- Nivel III adestrador/a de ximnasia rítmica: 1,50 puntos.
- Por estar en posición do título de técnico superior en animación de actividades físicas e deportivas: 1,5 puntos.
- Por estar en posesión do título de diplomado en Maxisterio (especialidade en Educación Física): 1,5 puntos.
- Por estar en posesión do título de licenciado en Educación Física: 2 puntos.

Puntuarase a titulación máis alta no caso de que un candidato teña dous ou máis das relacionadas.

III) Contratación laboral temporal a xornada parcial (30% da xornada) dunha persoa traballadora para a realización da obra/servizo de duración determinada “monitor/a de zumba”.

Primeira. Número de traballadores a contratar, caracterización do contrato de traballo e cometidos.

1.- Número de traballadores/as a contratar: un/unha (1).

2.- Caracterización do contrato de traballo

Tipo de contrato; ocupación; retribucións salariais mensuais (incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias); tipo de xornada; duración do contrato.

Obra ou servizo determinados (interese social); monitor/a de zumba; 331,56 €; xornada parcial (30% da xornada) (distribuídas segundo as necesidades do servizo); do 01.11.2019 ata o 31.05.2020.

3.- Cometidos: son cometidos a realizar polo/a traballador/a o desenvolvemento das funcións propias dun/dunha monitor/a de zumba.

Segunda. Requisitos específicos dos aspirantes.

As condicións xerais sinaladas na base terceira das bases xerais e estar en posesión, como mínimo, de licenza de instructor/a de zumba.

Terceira. Sistema de selección.

Establécese como sistema de selección o concurso de valoración de méritos.

Cuarta. Desenvolvemento do concurso de valoración de méritos.

Méritos computables:

a) Experiencia profesional:

- Por cada mes no desempeño do posto de traballo como monitor/a deportivo/ da especialidade á que se presenta en institucións públicas ou privadas, clubs deportivos, etc., ben sexa por relación laboral ou por contrato administrativo de servizos coas administracións públicas: 0,20 puntos/mes, ata un máximo de 3 puntos.

Esta experiencia deberá acreditarse achegando contrato de traballo e certificado de empresa ou club, e ademais informe de vida laboral expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social -este documento, por si só, non acredita a categoría profesional ostentada-, ou certificación de servizos prestados en virtude de contrato administrativo de servizos coas administracións públicas.

No caso de non ter completado un mes de traballo valorarase a parte proporcional dos días completos traballados.

b) Titulacións:

- Por estar en posición do título de técnico superior en animación de actividades físicas e deportivas: 1,5 puntos.
- Por estar en posesión do título de diplomado en Maxisterio (especialidade en Educación Física): 1,5 puntos.
- Por estar en posesión do título de licenciado en Educación Física: 2 puntos.

Puntuarase a titulación máis alta no caso de que un candidato teña dous ou máis das relacionadas.

c) Cursos de formación:

- Curso de 201 ou máis horas na especialidade correspondente solicitada: 1 punto.
- Curso de 101 a 200 horas na especialidade correspondente solicitada: 0,5 puntos.
- Curso de 21 a 100 horas na especialidade correspondente solicitada: 0,25 puntos.
- Curso de 20 ou menos horas na especialidade correspondente solicitada: 0,15 puntos.

A súa valoración acumulada non excederá de 2 puntos.

(Ver anexos páx. 8-9)



Anexo I

Solicitud de admisión a concurso de valoración de méritos.

Contratación laboral temporal de tres (3) persoas traballadoras para a realización de obras ou servizos determinados en relación coa prestación do servizo público de competencia municipal de escolas deportivas do Concello de Celanova.

Concurso de valoración de méritos para a contratación laboral temporal de tres (3) persoas traballadoras para a realización de obras ou servizos determinados en relación coa prestación do servizo público de competencia municipal de escolas deportivas do Concello de Celanova.

Datos persoais:

Apelidos e nome: _____ DNI: _____

Rúa e número: _____

Localidade: _____ Provincia: _____

Código postal: _____ Teléfono: _____ E-mail: _____

Solicita ser admitido ao concurso de valoración de méritos para a contratación laboral temporal para realización da/s obra/s ou servizo/s determinado/s que a continuación se indica/n (marcar o/s cadro/s correspondente/s):

☐ Monitor/a deportivo/a-mantemento e actividades (ao 100 % da xornada).

☐ Monitor/a de ximnasia rítmica (ao 45 % da xornada).

☐ Monitor/a de zumba (ao 30 % da xornada).

Declara (marcar os cadros correspondentes):

☐ Ser español.

☐ Ser nacional de (país membro da Unión Europea,): _____

☐ Ter cumprida a idade de 16 anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

☐ Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño dos correspondentes traballos e posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

☐ Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, das comunidades autónomas, nin da Administración local, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

☐ Non estar incurso en causa de incompatibilidade prevista legalmente (Lei 53/84, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas).

☐ Posuír o título de Graduado Escolar ou equivalente e estar en posesión, como mínimo, da titulación específica esixida para o posto a cuxa contratación laboral opta.



☐ Ter capacidade para ser contratado, conforme co Estatuto dos traballadores, aprobado por Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo.

Comprométome a probar documentalmente todos os puntos da declaración anterior, achegando a documentación pertinente en caso de serme requirida, e, así mesmo, acepta o contido íntegro das bases da convocatoria incondicionalmente. En canto á documentación a achegar o día da selección:

☐ Participo por primeira vez para a obra ou servizo solicitado e achegarei o día da selección a documentación requirida nas bases.

☐ Participei en convocatorias precedentes de selección de persoal para as escolas deportivas de Celanova e a documentación requirida nas bases para a súa valoración xa consta nas oficinas municipais e non achegarei ningunha documentación nova.

☐ Participei en convocatorias precedentes de selección de persoal para as escolas deportivas de Celanova e a documentación requirida nas bases para a súa valoración xa consta nas oficinas municipais e só achegarei documentación nova.

Acompaña:

- Copia autenticada do DNI.

En _____, a ____ de _____ de 2019.

Asinado: _____

Sr. alcalde do Concello de Celanova.

Contra as presentes bases, que poñen fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer alternativamente ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, ante a Alcaldía deste Concello de Celanova, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á precitada publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producira a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poidan exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

Celanova, día indicado na marxe.- O alcalde.

Asdo.: Antonio Puga Rodríguez.

Asinado electronicamente na marxe.